

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CATOIRA PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA VIKINGA 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Catoira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o para á celebración da Romaría Vikinga 2020. O Concello como entidade organizadora dos actos da festa ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.



A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- Que o Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración das Festas de San Roque.

Cuarto.- No recinto histórico Torres de Oeste, declarado Monumento Histórico Artístico, celébrase cada primeiro domingo de agosto a Romaría Vikinga. Esta festa, que ten as súas orixes nos inicios dos anos 60, foi declarada de Interese Turístico Internacional no ano 2002. A dramatización dun desembarco viquingo é o espectáculo central da festa, no que tres naves viquingas e uns 120 guerreiros rememoran os ataques a Catoira perpetrados polos normandos entre os séculos IX e XI. Este evento atrae cada ano a milleiros de persoas procedentes de dentro e fóra das nosas fronteiras. Un dos drakkar que participan no desembarco chámase “Frederikssund” en homenaxe á localidade danesa coa que Catoira mantén unha irmandade desde 1997.

A Romaría Vikinga é unha festa popular de marcado carácter cultural. Está celebración xunta unha ampla programación de actividades formativas e culturais que comezan unha semana antes do Desembarco e complementan a vertente máis lúdica da festa.

Os actos previstos na programación da 60 edición da Romaría Vikinga estaban previstos para a última semana de xullo e a primeira de agosto.

Porén, tendo en conta as circunstancias derivadas da crise sanitaria provocada pola COVID-19, así como as restricións para a celebración de eventos populares, como o que se organiza todos os anos neste municipio de Catoira con ocasión da Romaría Vikinga, a obriga das mínimas e esixibles medidas de seguridade e prevención necesarias, impediron a realización das accións desenvolvidas noutros anos.

Non obstante, e co fin de ofrecer unha programación cultural simbólica, dada a significancia que para a veciñanza de Catoira ten a Romaría Vikinga e para a nosa Comunidade autónoma, o Concello programou varios eventos e actividades culturais durante as datas citadas previamente



Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Sexto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sétimo.- Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Catoira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia
Emilio José de la Iglesia Lema

